



NOTA INFORMATIVA

[ICA Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2020]

ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO EN RELACIÓN CO APRAZAMENTO DA COTA DO 2º TRIMESTRE E ADIANTO DE CANTIDADES DA QUENDA DE OFICIO

Como continuación ao acordo da Xunta de Goberno do pasado 18.03.2020 e tendo en conta a situación sociosanitaria que estamos a padecer, así como a repercusión económica que afectará a autónomos e profesionais por conta propia, a Xunta de Goberno tomou o seguinte acordo en relación co pagamento da cota colexial correspondente ao segundo trimestre de 2020 que estaba previsto pasar ao cobramento a mediados do mes de maio:

1º **Aprazamento da cota colexial do 2º trimestre.** Acordouse aprazar temporalmente o cobramento da cota colexial correspondente ao segundo trimestre de 2020 para aqueles letrados e letradas exercentes que así o soliciten por escrito. Este aprazamento terá como data límite o 31.12.2020.

En consecuencia, os colexiados e colexiadas exercentes que desexen aprazar o pagamento da dita cota deberán remitir unha **solicitud** (achégase formulario) **por medio de correo electrónico** dirixido á conta do departamento de contabilidade do Colexio (**contabilidade@icasantiago.org**) **antes do vindeiro 15 de abril**.

Os colexiados que se acollan ao dito aprazamento poderán aboar **ata o 31.12.2020** (data en que pechan as contas do colexio) o importe da devandita cota (109,20 € de cota máis 13,53 € do Censo dos consellos autonómico e estatal, **en total 122,73 €**). O aboamento poderá efectuarse mediante transferencia á conta bancaria do Colexio ou en efectivo/TPV na secretaría da súa sede principal en calquera momento, pero sempre antes da data límite sinalada (31.12.2020).

Achégase un **formulario de solicitud de aprazamento**.

Non obstante, dado que os recibos das cotas deste segundo trimestre se pasan ao cobramento a mediados de maio e se a situación económica empeora por mor da crise sociosanitaria, a Xunta de Goberno poderá adoptar novas medidas compensatorias ou máis beneficiosas para os colexiados e colexiadas, sempre en adecuación aos orzamentos desta corporación.

2º **Adianto de cantidades da quenda de oficio.** Informamos a todos os colexiados e colexiadas do servizo de asistencia a persoas detidas e da quenda de oficio que tan pronto se peche o trimestre (31 de marzo) se emitirán á Dirección Xeral de Xustiza as correspondentes certificacións e xustificacións co fin de que na primeira semana de abril se poida realizar o pagamento das quendas correspondentes a este primeiro trimestre do ano con **fondos propios do colexio**. **Esta medida significa adianto no pagamento da quenda de aproximadamente un mes e medio e supón un desembolso de máis de 250.000 euros por parte deste colexio.**